

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 01 DE DECEMBRO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

López Díaz, María

Reboreda Morillo, Susana

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Rama Mosquera, Alejandro

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan asistencia

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 01 de decembro ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de novembro de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2024/2025.
4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4^º para o curso 2024/2025.
5. Aprobación, se procede, da PDA do Centro para o curso 2024/2025 e da adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.
6. Aprobación, se procede, da PDA do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural para o curso 2024/2025.
7. Aprobación, se procede, da PDA do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade para o curso 2024/2025
8. Asuntos de urxencia.
9. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de novembro de 2023.

A profesora María López Díaz pide que se corrixa a Acta, incluíndoa entre o PDI que escusou á súa inasistencia, para o que remitira o preceptivo correo. Coa corrección sinalada apróbase a Acta por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente informa, en primeiro termo, de que na xuntanza da comisión permanente do xoves 23 de novembro procedeuse á aprobación, por unanimidade, da Declaración de interese para Modificación do título de Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e ao procedemento da garantía da súa calidade, que neste caso afectaba tanto ao cambio na adscrición do título da rama de Artes e Humanidades ao ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades como á modalidade docente do mestrado, que de “semipresencial” pasa a “virtual” por ter máis do 80% de créditos impartidos online.

En segundo lugar, informa que xa deu comezo o plan de captación de alumnado para o vindeiro curso académico e que a día de hoxe xa hai diversas charlas previstas en Salesianos, o IES Francisco Asorey (Cambados) e o IES Rosais 2 (Vigo). Informa, asemade, que a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade vai celebrar unha Xornada de Orientación Universitaria para que o alumnado de Bacharelato e FP Superior poida coñecer as titulacións da UVigo, os servizos, asociacións, etc. Está previsto que se celebre o día 30 de xaneiro e contempla a posibilidade de que os Centros dispoñamos dun mostrador informativo, para o que en principio está previsto recorrer aos servizos de Xeitura.

Finalmente, informa que se conseguiu executar a totalidade do orzamento previsto, agás 150€ procedentes do orzamento de actividades extraacadémicas que, por un erro, foi imputado dende asuntos económicos ao Centro e non á ECUL correspondente, non sendo posible a subsanación por ser ter realizado xa o pago ao relator. Neste senso, lembra ao profesorado que o pasado curso académico solicitou das áreas un esforzo á hora de coordinar as saídas de estudos, pero o resultado foi que se presentaron as mesmas saídas, co cal non se reduciu o custe, superándose o gasto previsto por mor do incremento no prezo dos transportes. Lembra, asemade, que se está a producir un problema que cómpre solucionar, que é o dos pedidos asociados a visitas que se realizan

fora do prazo para poder tramitalos, pedidos que se envían cando xa o orzamento ten que estar executado e que non se poden asumir, polo que insiste en que as visitas que impliquen este gasto a maiores se realicen previamente, xa que pode darse o caso de que non se poidan aboar estes gastos.

3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2024/2025.

O presidente informa que con respecto ao pasado curso académico a bolsa de centros experimentou un incremento de 8 horas ata acadar as 173 horas. Explica que a primeira columna sería como quedaría a proposta de distribución de horas antes da cesión de 4 horas que realiza o profesor Xosé Ramón Campos, xa que ao non ser PDI a tempo completo non pode figurar con desgravacións, e doutras 31 que cede el mesmo por superar o mínimo de horas de docencia que debe impartir. Entre estas figuran as 15 horas que por segundo ano consecutivo se asignan á profesora Beatriz Comendador en calidade de apoio á igualdade e con fin de optar ao distintivo de igualdade na vindeira convocatoria segundo se acordou o pasado curso académico. En consecuencia, o que se somete a aprobación son as cifras que figuran na segunda columna, na cal debe entenderse curso 2024-2025.

Aprobase a bolsa de horas por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2024/2025.

O decano lembra que dende a súa chegada ao cargo introduciuse unha mellora do procedemento elección optativas que consistía na elaboración dun sinxelo formulario no que o alumnado marca as súas preferencias dentro do itinerario que no seu día denominamos «de especialización temática» e responde ao prof. Domingo Rodríguez, en calidade de secretario, que da fe do relato e conserva as evidencias enviadas polo alumnado. Nesta ocasión, cando se informou ao Centro de que se ía remitir a PDA púxose en marcha o mesmo procedemento co seguinte resultado: Mentalidade, Identidade e Cambio Social (12 votos), Historia das Relixións (10 votos), Historia de América Contemporánea (6 votos), Historia do Poder e as Institucións (4 votos), Introducción á Lingua e a Cultura Latinas (3 votos) e Diplomática e Arquivística (1 voto), considerando positivo o incremento da participación do alumnado, xa que 36 alumnos e alumnas de 3º curso emitiron o seu voto. Porén, o incremento de horas na PDA ao que se referirá no seguinte punto da orde do día permite que se oferten a totalidade das optativas, polo que en beneficio do propio alumnado e despois de consultar cos responsables da impartición das devanditas optativas —agás no caso de Introducción á Lingua e Cultura Latinas, que se descoñece a persoa

encargada de impartila—, o que se somete a votación é a oferta da totalidade das materias que figuran no plano de Estudos.

Aprobase a oferta de materias optativas de 4^º por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da PDA do Centro para o curso 2024/2025 e da adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

O decano explica, en primeiro lugar, o proceso de elaboración da nova Excel denominada «InformePDA», que como consecuencia do traspaso de datos de Xescampus ao novo Sigma provocou numerosos erros en moitos centros e programas de mestrado. No caso da PDA do Grao de Xeografía e Historia, afectaba á adscrición dalgunha materia concreta a unha área diferente á que correspondería de acordo co POD vixente no actual curso académico. Ese erro concreto traladábase, ademais, ao denominado «Impreso lista priorizada de departamentos», que se elabora a partires dos datos da mencionada Excel e que dende equipos decanais anteriores incluía ás diferentes áreas para evitar que a docencia das materias de formación básica tivese que ser adscrita a máis de un Departamento segundo establecen as normas de elaboración da PDA.

Partindo da base de que non é misión do Centro, senón do Departamento, a asignación concreta das materias ás áreas de coñecemento, e unha vez consultada a dirección da Área de Titulacións, o que se somete a votación é o envío dos citados documentos sen que neles figure a referencia a áreas, senón unicamente ao Departamento, e este dato será completado polos servizos correspondentes unha vez elaborado o POD. Neste senso, agarda que en anos vindeiros a mellora do novo aplicativo permita que non existan erros de envorcado e se poida recoller fielmente a foto fixa do POD vixente no momento de elaboración da PDA para non xerar ningún tipo de suspicacias e clarexar a situación real das diferentes áreas.

Signala, a continuación, que no que atinxe ao límite de prazas para o curso 2024-2025 mantense a mesma oferta que en cursos anteriores, é dicir, 40 prazas en 1^º curso de novo ingreso no caso do Grao en Xeografía e Historia e de 5+5 no caso do PCEO Turismo-Xeografía e Historia.

Con relación á indicación que figura nos criterios de elaboración da PDA de que para a asignación de materias de formación básica os centros deben elaborar unha lista priorizada de Departamentos que poidan asumir o encargo, propónse á Xunta a adopción do seguinte acordo: “Propoñer, ao igual que en cursos pasados, a adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía”, fundándose entre outras nas seguintes razóns:

1. A planificación docente e, en particular, os contidos das devanditas materias non aconsellan outra adscrición, por ser este o único Departamento que conta con profesorado especializado. Neste senso, debe terse en conta que a natureza omnicompreensiva deste (reúne a todas as Áreas de Historia, Arte e Xeografía)

determina que non existan na Universidade de Vigo Departamentos que puideran considerarse afíns como sucedería, por exemplo, se as devanditas Áreas formasen parte de Departamentos diferentes.

2. A totalidade das Áreas implicadas contan coas súas correspondentes listas de agarda activas, polo que non é previsible que se produzan problemas de asignación de docencia.

Con respecto aos números globais da PDA informa que produciu un incremento do 34,5% no número de horas asignadas ata acadar as 3.265 fronte ás 2.420 do pasado curso académico, o que supón 845 horas máis. Explica que iso é o que permite, en primeiro lugar, ofertar a totalidade das optativas, co cal, por este apartado consúmense 150 horas, pero a falta de aulas para incrementar os grupos limita a posibilidade de consumir moitas máis horas e, sobre todo, complica de xeito extraordinario a elaboración dos horarios. Engade que por esa razón, de acordo coas persoas responsables das áreas afectadas, propúxose incrementar a tres o número de grupos de todas as materias de primeiro curso que ata o momento só contaban con dous grupos, en concreto: Introducción á etnoloxía; Linguaxes e técnicas artísticas; Historia de América precolombina e colonial; Fundamentos de Xeografía Humana; Introducción á Historiografía; Arte Clásica; e Prehistoria Universal. Asemade, propúxose que Historia Medieval Universal, que era a única materia de 2º curso que contaba unicamente con un grupo, pasara a dous, pero o profesorado responsable optou por manter un único grupo, polo que este excedente permitiu atender a petición de subir a dous grupos a materia Prehistoria de la Península Ibérica.

Insiste en que no caso de aprobarse esta proposta de incremento de grupos, o profesorado debe ser consciente de que os horarios que se xuntan practicamente non poderán ser modificados, en particular polas xa coñecidas dificultades de encaixe do PCEO, e esta cuestión deberá ser tida en conta polas diferentes áreas á hora de elaborar as listas de agarda, coidando especialmente que non se produza superposición de horarios nas materias asignadas. Neste senso, incide en que se en vindeiros cursos académicos se confirmase este incremento de horas, o único xeito de poder aumentar o número efectivo de horas consumidas sería, por exemplo, lograr que as áreas que realizan prácticas susceptibles de consumir un número significativo de horas nunha mesma xornada se coordinasen, de xeito que se puidesen concentrar nun número limitado de xornadas o total de horas asignadas, pero nese caso deberían remitirse a decanato as propostas concretas xa pechadas antes de que comezase o proceso de elaboración dos horarios. Aclara que se está referindo ao curso 2025/2026, toda vez que para o vindeiro curso os números finais son os que figuran na PDA que se somete a aprobación.

A profesora Elena de Uña solicita que conste en Acta que a Materia Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe corresponde á Area 430 (Xeografía Física) e non, como figura no documento 5b-Impreso Lista Priorizada de Departamentos, á 010 (Análise Xeográfica Rexional).

Comenta así mesmo, que a proposta de concentrar ás prácticas lle parece moi adecuada e, sobre as saídas conxuntas, pregunta como se procedería para o

computo de horas. A este respecto, sinala o decano que, precisamente, se refería ao caso desa materia, para a que non se cuestiona a situación no POD; trátase dun dos moitos erros e problemas que están a xurdir pola implantación do novo sistema informático. En relación coas saídas, incide en que se trata máis de “saídas de estudo” que de prácticas de campo, xa que estas últimas pode acontecer que só teñan sentido para unha área ou materia concreta. Coordinando estas saídas entre as distintas Áreas computarían as horas totais, considerando que neste caso o que debe prevalecer é o sentido común á hora de asignar todas ou parte das horas ás Áreas participantes, pero que xa se trate de saídas de estudo ou prácticas de campo o importante sería ter un calendario con anterioridade á aprobación da PDA do curso 2025-2026, é dicir, dentro de aproximadamente onde meses, o que permitiría incrementar o número de horas de PDA efectivamente empregadas no caso de que se confirmasen os números da actual e non houbese, pola contra que reducir horas.

Pregunta a prof. Elena de Uña si todo isto que se está a comenta fai referencia ao curso 2025/26. Responde o decano que, efectivamente, así é; trátase de ir facendo un traballo a un ano vista, que se aprobaría coa PDA do vindeiro ano.

Pregunta a Prof. María López se é previsible que se consoliden os números que aparecen na PDA. O Decano responde que non o sabe e que se tentará facer xestións ao respecto unha vez aprobado o vindeiro POD, pero que as Áreas implicadas deben decidir se queren realizar ese traballo de coordinación aínda que o curso que ven non se consoliden as horas ou, mesmo, se reduzan.

A prof. Susana Reboreda apunta que cando se constrúa o edificio de Aeroespacial poderían recuperarse aulas que agora empregan e mesmo ter en conta que a actual distribución de espazos produciuse nun momento de caída do alumnado en Historia, o cal debería terse en conta para unha posible redistribución. Indica o decano que, de feito, a devandita escola solicitou un espazo da Facultade mentres dure a construción do novo edificio que probablemente non se poderá atender para o vindeiro curso, pero que en todo caso a construción do novo edificio non será algo inmediato e haberá que ver a situación existente nese momento.

A PDA e a adscrición única das materias de Formación Básica ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía son aprobados por asentimento.

A continuación, o decano, dado que non se atopa presente nin conectado por campus remoto o coordinador dos dous mestrados, lembra que a documentación relativa aos puntos 6 e 7 da orde do día foi remitida fóra do prazo establecido no artigo 19.3a) da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público ao non se ter celebrado a preceptiva xuntanza da Comisión Académica do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural cando se remitiu a convocatoria. Non obstante, considera que, aínda que a normativa atribúe á Xunta de Centro a aprobación das PDA dos mestrados adscritos a un centro, son as respectivas CAM as que elaboran e aproban as propostas polo que, de non haber obxeccións, considera se trata de dous asuntos de trámite. En todo caso, pregunta se algún dos membros presentes quere facer uso do seu

dereito a que sexa retirada da orde do día a aprobación das respectivas PDA. Non habendo peticións en tal sentido, sométense a aprobación da Xunta.

6. Aprobación, se procede, da PDA do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural para o curso 2024/2025.

Sinala o decano que na PDA remitida polo coordinador tamén se aprecian os problemas derivados do envorcado dos datos, que foron corridos por aquel.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da PDA do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade para o curso 2024/2025.

Apróbase por asentimento

8. Asuntos de urxencia.

Non hai

9. Rolda de intervencións.

A prof. María López pregunta pola premura na aprobación da PDA, a inclusión dos horarios e sobre o prazo para a elaboración do POD. Responde o decano que este ano a PDA chegou moi pronto e, ademais, coa advertencia de que habería pouco tempo para aprobala, o cal non era un grave problema para o noso centro xa que non presenta grandes problemas de xeración de grupos, pero si para outros mais grandes que teñen que elaborala, por exemplo, sen saber as desgravacións do profesorado en POD, polo que xa se ampliou o prazo inicialmente previsto para o 24 de novembro. Con todo, considera moi oportuno o esforzo para anticipar os prazos para evitar os problemas recorrentes coas listas de agarda.

En relación co POD indica que estaba previsto iniciar a súa tramitación en xaneiro pero que, con retraso que acumula a elaboración da PDA sobre esa data inicialmente prevista, é posible que tamén sufra algún retraso. Respecto aos horarios, como sinalou, non se someten a aprobación senón que se xuntaron á convocatoria para que as áreas os teñan en conta á hora de elaborar o POD e as listas de agarda.

Pregunta a prof. María López se está prevista outra reunión da Xunta no mes de decembro. Responde o decano que, ademais dos quinquenios docentes, aínda quedan cousas pendentes de aprobar relacionadas con calidade, polo que haberá outra xuntanza, que se achegará o mais posible ao inicio das vacacións de Nadal.



Remata a sesión ás 13,22 h do día 1 de decembro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro